

M^a Cristina Andrade González, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-AA neste Concello, presenta, para inclusión e debate na vindeira sesión plenaria, a seguinte MOCIÓN sobre a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero desde a entidade local.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un ano máis achégase o 25 de novembro, día en contra da violencia contra as mulleres, arredor do cal xorden iniciativas variadas de conmemoración, solidariedade coas vítimas e xestos de visibilización deste tipo de violencia.

O BNG todos os anos se suma a esta conmemoración, desde o convencemento de que a erradicación da violencia de xénero é un obxectivo que segue lonxe de conseguirse e que non se acadará con simples xestos realizados rutineiramente unha vez ao ano.

É por isto que reiteradamente se foron presentando a este pleno propostas de desenvolvemento da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, neses dous aspectos (prevención e tratamento). Como mostra recordaremos algúns dos acordos propostos nos últimos anos e que foron aprobados por unanimidade:

No pleno ordinario celebrado o 29 de outubro de 2015 aprobouse por unanimidade unha moción presentada polo BNG-AA na que, entre outros acordos figuraban:

5. *O goberno municipal coordinará cos centros escolares do concello a realización de actividades de prevención da violencia machista e institucionalizará a conmemoración do 25 de novembro como homenaxe e recordo ás vítimas.*

6. *O goberno municipal elaborará un protocolo de actuación por parte da institución municipal ante casos de violencia machista que contemple, cando menos, a acollida, o apoio e seguimento das vítimas.*

E nos plenos do 28 de xaneiro e do 24 de novembro de 2016:

1. *O Goberno Municipal do Concello da Pobra do Caramiñal levará a cabo as xestións oportunas coa Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Consellería de Presidencia, administracións públicas e xustiza da Xunta de Galicia, para a creación, ben a título individual, ben mancomunadamente con outros concellos, dun Centro de Información á Muller que atenda as necesidades dos veciños e veciñas da Pobra.*

2. *O Goberno Municipal do Concello da Pobra establecerá, á maior brevidade, un protocolo que estableza a colaboración e coordine os distintos ámbitos de protección e asistencia fronte á violencia de xénero (ámbito sanitario e psicolóxico, servizos sociais, ámbito educativo, servizos de urxencia e de seguridade cidadá, ámbito xudicial, ámbito de formación e emprego, ámbito económico e de acceso á vivenda). Neste protocolo incluíranse tamén medidas relacionadas cos fillos e fillas e familiares dependentes das mulleres vítimas de violencia, así como coas mulleres con discapacidade.*

Así que, avanzado o 2017 e tendo constatado sobradamente que, por un lado, a prevención e a formación en igualdade desde a perspectiva da muller e, por outro, os recursos aportados desde a administración local, son dous piares fundamentais para a erradicación das violencias machistas, o Grupo Municipal do BNG propón á Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. **O Goberno Municipal redactará antes de que remate o ano 2017 un plan que recolla as necesidades en canto a recursos materiais e humanos, así como a formación en violencia desde a perspectiva de xénero destinado a todos os axentes municipais implicados no tratamento e acompañamento das vítimas, e implantará un plan anual de prevención da violencia entre a mocidade, en colaboración cos centros educativos, que teña unha continuidade no tempo.**

2. Completada a fase de análise de necesidades, O Goberno Municipal executará os acordos consensuados en pleno, nomeadamente, a redacción e aprobación dun protocolo que estableza que facer, como, quen e cando, para identificar e responder de maneira axeitada ás vítimas da violencia de xénero.

É obxectivo xeral do protocolo:

- Establecer procedementos de actuación e coordinación dos recursos e axentes dispoñíbeis e implicados na intervención nos casos de violencia de xénero no concello da Pobra do Caramiñal.

Como obxectivos específicos o protocolo:

- Deberá establecer acordos e partillar criterios de actuación. Desenvolverá estratexias de acción común, co mesmo método de traballo, e procedementos e modos de actuación coñecidos, comprendidos e compartidos.
- Definirá e repartirá de maneira consensuada as competencias e funcións entre os axentes implicados.
- Establecerá sistemas de comunicación fiábeis, eficaces e continuos, que faciliten o traballo en común dos diferentes servizos municipais.

A Pobra do Caramiñal, 13 de outubro de 2017



Asdo.: M^a Cristina Andrade González,
Concelleira do G. M. do BNG